

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA LALÍN ACTIVA, COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A (SUBGRUPO A2) DO CONCELLO DE LALÍN.

EXPEDIENTE: 1473/2022.

En data 23 de setembro de 2022 e sendo as 8:30 horas, reúnese no Concello de Lalín, o Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para a cobertura dunha praza de Traballadora Social do Concello de Lalín, pertencente ao subgrupo A2, como funcionario/a interina baixo a presidencia de dona María Jesús Dablanca Pallares, Traballadora Social do Concello de Lalín; e coa asistencia dos vogais: don Antonio Santos Guerra, Xefe do Servizo de Cultura da Deputación de Pontevedra e don Manuel Carramal Silva, Técnico de Administración Xeral da Deputación de Pontevedra; actuando como Secretaria, dona Rosa María Montero Vecino Directora da EIM do Concello de A Estrada, **quen dá fe do acto.**

Escusa a súa presenza a vogal dona Consuelo Ordóñez Martínez, por motivos laborais.

1.- ELABORACIÓN E IMPRESIÓN DOS EXAMES.

De acordo coa base VII das que regulan o proceso selectivo en cuestión, a fase de oposición consta na realización dun exame tipo test de 30 preguntas (máis 5 cuestións adicionais de reserva, para o caso de posibles impugnacións ou reclamacións) con catro respostas alternativas e das cales só unha é correcta.

Do total de preguntas, 20 serían de carácter teórico sobre as materias comprendidas no temario e 10 de carácter práctico.

Cada membro do Tribunal achega á Presidenta ás preguntas nos idiomas galego e castelán propostas e procédese á elaboración do exame.

Unha vez rematada a elaboración do exame, procédese á impresión dun exemplar coa finalidade da súa revisión, e posteriormente a Presidenta do tribunal, xunto cos demais membros proceden á impresión do exame proposto. Realízanse un total de 46 copias, por



resultar igual ao número de persoas admitidas á realización do proceso selectivo.

En ningún momento, xa sexa na elaboración do exame, na impresión do primeiro exemplar, como na realización de todas as fotocopias, os membros do tribunal perden o contacto visual co exercicio proposto.

2.- CHAMAMENTO DAS PERSOAS ASPIRANTES.

Ás 10:00 horas procédese ao chamamento individual e nominativo por orde alfabético de todas as persoas admitidas.

Rematado o chamamento, ás 10:06 horas, compróbase que asisten 31 persoas do total de persoas admitidas. Unha vez colocadas todas as persoas, lense pola Presidenta do tribunal as bases do procedemento selectivo no tocante ao presente exame da fase de oposición.

Faise fincapé no feito de que para a valoración do exame tipo test, cuxa valoración máxima é de 15 puntos, cómpre contar cun mínimo de 7,5 puntos. Para a súa cualificación, cada resposta correcta obterá un 0,50 puntos e por cada incorrecta restaráselle 0,125 puntos non restando as preguntas non contestadas.

Faise entrega dun cuestionario coas preguntas, duns códigos aleatorios coa finalidade de garantir o anonimato entre as persoas aspirantes e unha folla para as respostas e nas que as persoas aspirantes deben de marcar cun “X” a resposta que consideren correcta.

Tamén se lle explica que deben colocar na folla de respostas que se entrega o código aleatorio. O sobre onde consta o código cos datos identificativos abrirase nunha sesión posterior do tribunal unha vez corrixidos os exames.

Rematada a lectura das bases así como do reparto dos exercicios, e non habendo máis cuestións nin dúbidas plantexadas polas persoas aspirantes, dáse comezo ao exercicio para o que as persoas participantes teñen 60 minutos.

3.- DESENVOLVEMENTO DO EXERCICIO TIPO TEST.

Ás 10:15 dá comezo o exame e fixéndose como hora de remate do



mesmo ás 11:15 horas.

Durante o mesmo, non se producen incidencias.

Ás 11:15 horas remátase a celebración do mesmo, procedéndose á recollida das 31 follas de respostas, así como dos sobres pechados onde constan os códigos que identifican ás persoas participantes e da demais documentación do expediente do proceso selectivo, trasladándose ás dependencias do Concello de Lalín.

Toda a documentación é custodiada polos membros do Tribunal.

4.- CORRECCIÓN DOS EXERCICIOS.

Ás 11:30 horas do mesmo día e na Sala de Reunións sita na planta baixa do Concello de Lalín, procédese á corrección do exame tipo test tendo en conta a plantilla de respostas determinadas como correctas polo Tribunal.

Unha vez finalizada a corrección e tendo en conta as bases da convocatoria, obtéñense os seguintes resultados para aquelas persoas participantes que obtiveron a condición de aptos/as:

Número de código	Puntuación
VoTXRs	14,375
m9jL2w	13,125
u2FNDn	11,000
3cFrhK	10,750
Ef6fVg	10,625
mHCZXx	10,375
4uewcl	10,000
LMPTYC	9,250
pfiRze	9,125
BdFHfH	8,875
KP3GeK	7,625
8VU2vH	7,500

O resto das persoas participantes obtiveron a condición de non aptas.

O tribunal acorda a publicación da listaxe na que figuran os códigos das persoas que superaron o presente exercicio así como da plantilla das respostas correctas no Taboleiro de Edictos da Sede Electrónica



do Concello de Lalín e sinalando que as persoas que participaron no presente proceso selectivo teñen un prazo de cinco días contados a partir da publicación do mesmo para formular as alegacións ou reclamacións que estimen oportunas.

5.- FINALIZACIÓN DA SESIÓN: Ás 14:20 horas a Presidenta da por rematada a sesión, de todo do que eu secretaria dou fe.

